



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL, DO MAR E MOCIDADE

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE CONTRIBÚAN Á REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2025

Na Liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2023-2025, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc.; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento de roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes; redución do risco de incendios por medio de accións que promovan unha maior utilización do monte, coa realización de labores de prevención e infraestruturas de defensa, tales como as franxas de protección; así como mediante o establecemento de sistemas por combinación de producións.

De cara a alcanzar estes obxectivos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 8 de agosto de 2025, prestou aprobación á convocatoria e ás bases que canalizarán a concesión de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, LXS), procédese á publicación do texto íntegro das referidas bases canalizadoras e da súa convocatoria.

BASES CANALIZADORAS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2025

Exposición de motivos

“A gandería extensiva é de suma importancia para salvagardar a riqueza natural dunha cuarta parte da superficie terrestre do planeta”. Nestes termos se expresa o informe “Pastoralismo e economía verde: un nexo natural?” realizado polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) e a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).

Deste xeito, parte dos beneficios para o medio rural baséanse en que, ao aproveitar os recursos naturais existentes nos montes onde pasta o gando, requírese moi pouca achega de enerxía, xa que, en ocasións, con 0,1 QX ou menos obtense 1 QX de alimento na mesa do consumidor. Iso convértease na gandería con maior eficiencia enerxética global. Tamén está demostrado que un pastoreo equilibrado secuestra máis carbono que o sobre-pastoreo ou a ausencia del.

Por outra banda, os animais adoitan pacer por lugares sen moita afluencia humana, onde os bosques non teñen mantemento como hai séculos. Neste senso, son moitos os estudos que confirman que os sistemas de silvopastoreo e gandería extensiva comportan múltiples beneficios fundamentais para os ecosistemas.

Asemade, os agricultores e pastores galegos poden dar fe de que o pastoreo no bosque axuda indirectamente a combater os incendios, xa que observan que o comportamento do lume cambia nas zonas onde existe menor densidade de combustible vexetal, por ser lugares onde pacían rabaños de diversas especies gandeiras.

Galicia é, sen dúbida, a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa, exercendo a provincia de Lugo un papel fundamental como elemento tractor dentro deste sector. Do mesmo xeito, os sectores gandeiro e agrícola constitúense en elementos clave no desenvolvemento do territorio e da sociedade.

Por elo, ao obxecto de artellar políticas e plans que permitan facer fronte ás ameazas contra o medio rural, é preciso dar atención ás necesidades dos produtores, emprendedores e poboadores do rural, así como ás prácticas levadas a cabo con éxito por eles mesmos e polos nosos antepasados, que contribuíron e contribúen á preservación da nosa riqueza natural ata o día de hoxe.

Porén, as poboacións dalgunhas especies silvestres, coma o lobo, están ocasionando, con máis frecuencia, que os aproveitamentos silvopastoris e a produción gandeira en extensivo se vexan afectados negativamente.

Para evitar estes danos é necesario artellar un conxunto de medidas que faciliten a convivencia da fauna salvaxe cun aproveitamento multifuncional do monte que permita a preservación do medio rural e a súa protección fronte ás múltiples ameazas existentes.

Tendo en conta que a política de defensa do medio rural, pola súa vital importancia para o país, non pode ser aplicada de forma illada, senón integrándose nun contexto máis amplo de planificación do territorio e de desenvolvemento rural, é preciso o compromiso de todas as Administracións, das persoas propietarias de terreos forestais, das agricultoras e agricultores, das comunidades de montes veciñais en man común, das asociacións de veciños, da sociedade do medio rural e, en xeral, do conxunto da cidadanía.

Ademais, a loita contra as ameazas para os pastores e gandeiros demanda a existencia dun modelo activo, dinámico e integrado, encadrando nunha lóxica de medio e longo prazo os instrumentos dispoñibles, procurando a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, unido ao tratamento de áreas forestais, nun esquema de intervención, segundo modelos silvícolas previamente establecidos no ámbito das dúas dimensións que se complementan: a defensa de persoas e bens, e a defensa dos montes.

Por outra banda, tamén resulta indispensable ampliar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensificación agro-forestal para a defensa do medio rural.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2023 a 2025, ten por obxectivo estratéxico *“contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, como sectores estratéxicos da economía da provincia, pois son xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais”*, e aposta, entre outros obxectivos específicos, polo *“fomento da concienciación ambiental e a agricultura, gandería e pesca sustentables; fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións dos nosos montes [...] como o aproveitamento silvopastoril con gandería extensiva: cabalar, vacún, ovina, cabrúa, porcina, etc.; programas de mantemento da superficie agraria útil e recuperación de zonas de monte abandonadas ou improdutivas, con axudas para o fomento da roza ou xestión sostible con especies leñosas autóctonas, labores de pastoreo, aproveitamento silvopastoril ou similares que reduzan ao mínimo os riscos de lumes a causa da elevada biomasa por abandono dos nosos montes”*.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2025, unha nova edición do Programa “O que non arde”, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que permitan a redución dos niveis de biomasa existente.

Por todo o anterior, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias que esta ten atribuídas polo artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases do Réxime Local, procede á publicación do texto íntegro da convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2025, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.

Base 1.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2025.

Base 2.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de tal xeito que a concesión das subvencións realizárase mediante a

comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados na Base 8, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, e de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5.

Base 3.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión destas subvencións terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención, con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en diante, LSG), a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase ás beneficiarias destas subvencións da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A efectos da información para a Base de Datos Nacional de Subvencións, estas subvencións: encádranse dentro do sector económico de silvicultura e outras actividades forestais (código sector económico 02.1); coa finalidade de outras actuacións de carácter económico (código finalidade 18); prevéndose unha diminución ou eliminación das desigualdades que, en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, contribúe aos obxectivos das políticas de igualdade (código impacto de xénero 3); e na modalidade de subvención (código instrumento da axuda SUBV).

Base 4.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA), sempre que leven a cabo actividades silvopastoris con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á defensa do medio rural.

Asemade, as persoas físicas ou xurídicas solicitantes das axudas deben ser titulares de explotacións que inclúan algunha das seguintes tipoloxías de gando: cabalar, cabrún, ovino ou porcino, podendo incluír ademais especies de gando maior en sistemas mixtos de silvopastoreo.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarias.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Rural, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Asemade, as beneficiarias quedarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Base 5.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2025, é de 385.000 €, coa seguinte distribución:

- Investimentos incluídos como gastos subvencionables na Base 15: 350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Gastos correntes complementarios previstos na Base 15: 35.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900

O importe das axudas para cada beneficiaria será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 6.000 €.

Con todo, no suposto de que a solicitude de subvención inclúa a adquisición de pasos canadenses e/ou de los colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal, a contía máxima poderá alcanzar os 12.000 €, sempre que o importe da subvención afectado á súa adquisición sexa, como mínimo, de 6.000 €.

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5 % das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2025, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Base 6.- Carácter das subvencións

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual, non xerando ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

A Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos: poderá revisalas, previa instrución do procedemento establecido ao efecto; reducilas, nos supostos de execución parcial, nas condicións establecidas nestas bases; e declarar a perda, total ou parcial, do dereito a percibilas, nos supostos de falta de xustificación ou cando esta sexa insuficiente.

En calquera caso, a Deputación de Lugo quedará exenta de toda responsabilidade, civil, mercantil, laboral, ou de calquera outra orde, que se derive das actuacións ás que queden obrigadas as beneficiarias das subvencións.

Este tipo de axudas está previsto no Regulamento (UE) núm. 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Consonte ao dito Regulamento, estas axudas non son cualificables como axudas de Estado a empresa, pois non son susceptibles de ser incompatibles co mercado interior nos termos establecidos no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da Unión Europea, Serie L, número 352, do 24 de decembro de 2013.

Base 7.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións ás que se refire a Base 4, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro desta convocatoria e Bases será publicado, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos

suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a) Solicitude (Anexo I).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

b) No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).

c) Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.

d) Copia do NIF do solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

e) Copia do/s documento/s que acredite/n que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA; poderá acreditarse a dita inscrición con algún dos documentos indicados no apartado f) no que figure o número de REGA.

f) Cartografía catastral do SIGPAC ou similar, na que se sinalen os terreos nos que se practica o silvopastoreo, e calquera dos documentos acreditativos sinalados a continuación, nos que se indicarán os animais empregados na execución da actividade:

- Copia do Libro de rexistro da explotación.
- Declaración censual anual con data posterior ao 31 de decembro de 2024.
- Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) con data posterior ao 31 de decembro de 2024.
- Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC con data posterior ao 31 de decembro de 2024.

g) Orzamento de gastos da actividade a subvencionar (Anexo III).

h) Declaración responsable (Anexo IV), na que se indique:

- Que a solicitante non se atopa en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.
- A desagregación do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención.
- Se o/a solicitante pediu e/ou lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade.
- Que o/a solicitante non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e o réxime de asunción do IVE.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

j) No suposto de que a beneficiaria concerte con terceiros a execución dos gastos correntes complementarios aos que se refire a Base 15 (gastos derivados de rozas puntuais) e de que estes terceiros estean vinculados co beneficiario, solicitude de autorización previa para a subcontratación (anexo V).

Considérase que existe vinculación coa aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do Real Decreto 886/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

- k) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Base 8.- Procedemento de concesión e criterios de adxudicación

O procedemento de concesión das devanditas subvencións tramitarase de conformidade co disposto no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (publicada no BOP número 9, do 11 de xaneiro de 2024), con modificación publicada no BOP nº 038, do 15 de febreiro de 2024-.

Establecerase unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas de acordo cos criterios de valoración que se expoñen a continuación, tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao día de publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As solicitudes presentadas serán ponderadas e ordenadas de acordo cos criterios de valoración indicados a continuación, e aprobaranse as solicitudes de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

- 1) Número de hectáreas susceptibles de aproveitamento por silvopastoreo, dentro dos terreos aproveitados polo/pola solicitante, de xeito que se produza a discontinuidade da biomasa vexetal co obxecto de contribuír á defensa do medio rural, ata 4 puntos.
 - 0,2 puntos por ha de terreo xestionado mediante silvopastoreo, ata acadar a puntuación máxima de 4 puntos establecida, outorgándose 0,02 puntos por fracción decimal completa.
- 2) Practicar o silvopastoreo polo menos con algún animal pertencente a unha das razas autóctonas galegas de gando cabalar, cabrún, ovino ou porcino (cabalo galego, cabra galega, ovella galega, porco celta): 3 puntos.
- 3) Inscripción no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA) como explotación prioritaria: 2 puntos.
- 4) Pertenza a asociacións de produtores gandeiros de cabalar, cabrún, ovino ou porcino: 4 puntos.
 - Pertenza a 1 asociación de produtores gandeiros: 2 puntos.
 - Pertenza a 2 asociacións de produtores gandeiros: 3 puntos.
 - Pertenza a 3 ou máis asociacións de produtores gandeiros: 4 puntos.
- 5) No caso de que o silvopastoreo se leve a cabo en terreos pertencentes a unha ZAR: 1 punto.

Se o silvopastoreo se leva a cabo en varias parcelas, estando unhas situadas dentro dunha ZAR e outras fóra da mesma, tomarase en conta a situación máis favorable para o solicitante, polo que se valorará a pertenza a unha ZAR dalgunha das parcelas que integran a solicitude
- 6) Mulleres solicitantes: 1 punto.
 - Entidade solicitante cunha porcentaxe igual ou superior ao 25 % de mulleres membros: 1 punto.
 - Muller solicitante a título particular: 1 punto.
- 7) Pertenza a zona de montaña dalgunha das parcelas nas que se leva a cabo o silvopastoreo, segundo o establecido no Anexo V da Orde do 15 de xaneiro de 2021, da Consellería do Medio Rural: 2 puntos.
- 8) Non ter sido beneficiaria de subvención no marco da edición do programa “O que non Arde” 2024: 3 puntos.
- 9) As solicitudes presentadas por persoas, físicas ou xurídicas, así como as presentadas polas agrupacións ás que se refire a Base 4, que foran beneficiarias das subvencións correspondentes a este Programa na edición anterior e renunciaron a elas, terán que aplicar unha redución de 5 puntos sobre a suma da puntuación obtida en aplicación dos criterios de valoración anteriores.

Ao obxecto de establecer a puntuación final que permita a ordenación das solicitudes presentadas, á puntuación resultante da suma dos apartados anteriores aplicaráselle un coeficiente en función das especies gandeiras empregadas.

Tendo en conta os obxectivos do silvopastoreo en relación coa redución de biomasa, primase o manexo tradicional do seguinte xeito:

En primeiro lugar, se ben é certo que, nos últimos anos, tivo lugar unha importante diminución da presenza de cabalos no monte, Galicia segue a ter a poboación cabalar salvaxe máis importante de Europa, destacando o papel do cabalo galego como xestor do monte no referente á mitigación do cambio climático co control da biomasa, a mellora dos pastizais ou a conservación da biodiversidade.

Isto é debido a que o cabalo galego ten unha alimentación equilibrada a base de toxos e herbáceas, polo que contribúe a reducir e manter controlada a biomasa. De feito, recentes estudos amosan que os cabalos son grandes consumidores de toxo.

Asemade, os ensaios de campo da Sociedade Española de Ciencias Forestais revelan que, despois de 20 días de presenza de cabalos nas parcelas de mostraxe, a biomasa da capa herbácea reduciuse arredor dun 80 %. Concretamente, no caso do cabalo de raza galega, estímase o seu consumo en 5 kg de materia seca por día, polo que ao ano consume ata 1,7 toneladas.

En segundo lugar, tendo en conta a eficiencia dos pequenos ruminantes como limpadores do monte, así como a súa sensibilidade aos depredadores coma o lobo, cómpre sinalar que as cabras son capaces de reducir unha matogueira con 25 toneladas de materia seca por hectárea a 5 toneladas, variando sensiblemente a composición da materia seca ao pasar dunha dominancia da vexetación leñosa a unha vexetación herbácea máis nutritiva.

Asemade, o gando cabrún é unha especie que non compite coas outras, ao alimentarse das partes máis leñosas e lignificadas e deixando para as outras especies as herbáceas e de maior valor nutritivo, favorecendo o seu desenvolvemento ao rozar a matogueira.

Despois das cabras, en terceiro lugar, resulta moi relevante a presenza de ovellas no monte, xa que son capaces de consumir de 2 a 3 kg de materia seca diaria (matogueira e especies leñosas menos lignificadas que as inxeridas polo gando cabrún), sendo un complemento perfecto á actuación que leva a cabo o gando cabrún e o cabalar. Do mesmo xeito, é preciso ter en conta a gran sensibilidade do gando ovino ante os ataques da fauna salvaxe.

En cuarto lugar, debemos centrarnos nos beneficios do silvopastoreo con Porco Celta. Así, tras o paso dos animais, o estudio do chan e do sotobosque arroxa datos obxectivos sobre os beneficios do pastoreo con esta raza, xa que se observa que o carbono total se ve incrementado pola incorporación da biomasa superficial que se vai degradando como consecuencia dos ouriños aportados, que incrementan a actividade edáfica e polo tanto a descomposición da materia orgánica.

Asemade, a análise do sotobosque revela que o pastoreo co gando porcino da raza Porco Celta produce unha diminución clara e significativa das silvas, incrementando a proporción de herba e a porcentaxe de chan espido tras a saída do gando das parcelas de mostraxe.

Finalmente, con base no exposto anteriormente, cómpre destacar que cada especie desempeña o seu papel segundo as necesidades nutricionais de cada animal e que, xuntas, producen sinerxias que melloran o control da biomasa e a acción individual levada a cabo por unha única especie.

Así, o cabalo controla moi ben o toxo, relativamente ben as queirugas e non controla ben as uces, as silvas e os fentos. A cabra é un bo ramoneador que controla moi ben o toxo e a silva, controla ben as gramíneas, ao igual que o cabalo, e tamén as queirugas e as uces pero non os fentos. En canto ás ovellas, son animais máis herbívoros que consumidores de material lignificado, aínda que as razas rústicas do país tamén controlan os gromos tenros dos arbustos. E os porcos, ao tratarse de animais moi rústicos, incrementan a proporción de chan espido inicialmente, que se colonizará de forma rápida por un estrato herbáceo tras o cese do pastoreo, de maneira que as parcelas se manterán libres de maleza e serán potencialmente aprobeitables por outras especies.

Polo tanto, os coeficientes que se aplicarán á puntuación total resultante da suma dos apartados incluídos na valoración serán os seguintes:

- Manexo mixto (2 ou máis especies): 1,30
- Gando cabalar: 1,15
- Gando cabrún: 1
- Gando ovino: 0,85
- Gando porcino: 0,70

No caso de que dúas ou máis solicitudes obteñan a mesma puntuación, e de esgotarse o crédito dispoñible, non podendo acceder algunha delas á mencionada subvención, o desempate establecerase atendendo á que mellor puntuación obtivese na seguinte orde:

- 1) Practicar o silvopastoreo a lo menos con algún animal pertencente a unha das razas autóctonas galegas de gando cabalar, cabrún, ovino ou porcino (cabalo galego, cabra galega, ovella galega, porco celta).

- 2) Pertenza a algunha asociación de produtores gandeiros. Terase en conta o número de asociacións ás que pertenza o/a solicitante.

Base 9.- Instrución do procedemento

A Área de Medio Rural, Mar e Mocidade será o órgano responsable de instruír e tramitar os respectivos expedientes, revisar as solicitudes presentadas, e verificar que estas conteñen a documentación esixida nas Bases 7 e 8, así como que as solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que nelas concorren as circunstancias e cómprense as condicións e requisitos previstos nestas bases para poder ser beneficiarias.

Se resultara que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirá á solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, aporte a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, terase por desistida da súa petición, previo acordo da Xunta de Goberno que lle será notificado mediante publicación no BOP de Lugo.

Revisados os expedientes e, no seu caso, completados, a avaliación das solicitudes presentadas levarase a cabo por unha Comisión, que emitirá informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada e a prelación das solicitudes.

Presidirá a dita Comisión o presidente da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue, integrándoa, ademais, tres empregados públicos da mesma entidade (designados por Resolución de aquel), a súa interventora e o secretario xeral.

Sen prexuízo do anterior, establécese un procedemento simplificado, no que non será necesaria a constitución da dita Comisión, no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, por non ser necesario establecer unha prelación entre as mesmas.

Neste suposto, serán os técnicos da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade os encargados da avaliación das solicitudes e da emisión do informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

Proposta de concesión provisional

O órgano instrutor, á vista do expediente e, no seu caso, do informe da Comisión de Avaliación, e previa fiscalización, efectuará proposta de concesión provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos para os que se propón a concesión das subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

A proposta de concesión provisional será notificada ás interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP), por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido no artigo 45.3 da mesma Lei, e concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do acordo de concesión provisional no BOP, para presentar alegacións.

Finalizado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, a proposta de concesión provisional terá o carácter de definitiva, procedéndose á publicación, no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Proposta de concesión definitiva

Examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polas interesadas, o órgano instrutor, previa fiscalización, formulará a proposta de concesión definitiva, na que se expresará a solicitante ou relación das mesmas para as que se propón a concesión das subvencións e a súa contía; así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

Base 10. Resolución de concesión das axudas

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo resolverá o procedemento a través de resolución motivada, na que quedarán acreditados no procedemento os seus fundamentos, e na que se expresará a relación de solicitantes ás que se conceden as subvencións e na que constará, de maneira expresa, a desestimación, no seu caso, do resto das solicitudes.

A resolución de concesión das subvencións será notificada ás interesadas por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), producindo a primeira os efectos da notificación, segundo o establecido nos apartados 1.b) e 3 do artigo 45 da LPACAP.

Notificada a concesión definitiva, as interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producira manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

Dita resolución poñerá fin á vía administrativa, polo que contra a mesma caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Tamén procederá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir da publicación do extracto desta convocatoria no BOP de Lugo. No caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da LPACAP.

Base 11.- Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas, fora dos casos permitidos nestas Bases, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 17.4 da LSG.

Base 12.- Prazo de execución das actividades

O prazo de execución das actividades subvencionadas esténdese dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, ambos do ano 2025.

Base 13.- Subcontratación das actividades subvencionadas polas beneficiarias

Enténdese que unha beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a beneficiaria para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, a realización da actividade subvencionada, cumprindo co establecido no artigo 29 da LXS.

Os contratistas quedarán obrigados só ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS, para permitir a axeitada verificación do respecto á natureza e contía dos gastos subvencionables.

Base 14.- Modificación dos investimentos a subvencionar

As beneficiarias quedan comprometidas a realizar a actividade obxecto de subvención nos termos formulados na súa solicitude, coas modificacións que, de ser o caso, se acepten pola Deputación nos supostos e na forma previstos a continuación.

En casos excepcionais debidamente xustificadas, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, poderá/n modificarse o/s investimento/s a realizar, segundo a solicitude de subvención e a resolución de concesión das subvencións, co cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Previamente á realización do/s investimento/s, deberá solicitarse autorización á Deputación de Lugo para a modificación de aquel/es; solicitude que deberá ir acompañada de xustificación suficiente do seu motivo.
2. A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade será a competente para tramitar a dita solicitude, emitindo o correspondente informe e a subseguinte proposta para que a Xunta de Goberno estime ou, de ser o caso, desestime a solicitude.

En ningún caso, a estimación da solicitude poderá afectar á finalidade que fundamentou a concesión da subvención nin alteración dos criterios tidos en conta para elo.

A resolución da solicitude de modificación do/s investimento/s será notificada á solicitante de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da LPACAP.

Base 15.- Xustificación das subvencións

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención revestirá a forma de conta xustificativa do gasto realizado, constituíndo a súa

rendición un acto obrigatorio da beneficiaria na que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, no prazo de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade. En calquera caso, o prazo máximo para a presentación da conta xustificativa será o 31 de marzo de 2026.

Logo de transcorrer o prazo establecido no apartado anterior sen que a conta xustificativa fose presentada ante esta Deputación Provincial, dende a Área de Medio Rural, Mar e Mocidade, requirirase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola beneficiaria, porao no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección.

A falta de presentación da conta xustificativa da subvención nos citados prazos ou a xustificación insuficiente dará lugar a que a beneficiaria sexa declarada decaída no seu dereito ao trámite correspondente, de conformidade co establecido no artigo 73.3 da LPACAP; así como ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades nas que poida incurrir, previstas na lexislación xeral de subvencións e na restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución establecido na Base 12.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación establecido nos parágrafos anteriores.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrera nas súas operacións comerciais deberán ter sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

Os tributos son gasto subvencionable cando a beneficiaria da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Concretamente, será subvencionable a adquisición dos elementos sinalados nos seguintes bloques:

1. Pastores eléctricos e elementos de alimentación eléctrica

Será subvencionable a adquisición de pastores e/ou a de elementos para a súa alimentación eléctrica, tales como baterías, placas fotovoltaicas ou similares; tanto para a instalación de novos peches como para o mantemento de elementos dos xa existentes, no caso do seu deterioro ou da chegada ao fin da súa vida útil. Poderase solicitar a adquisición ou substitución dun máximo de 1 pastor eléctrico e 1 elemento de alimentación eléctrica para o dito pastor por cada unha das tipoloxías de gando coas que se realice o silvopastoreo en extensivo. É dicir, poderá solicitarse subvención para un máximo de 4 pastores e 4 elementos para a súa alimentación eléctrica.

2. Valados

a) Valados móbiles de malla electrificada

Segundo a tipoloxía e o tamaño da explotación, será obxecto de subvención a adquisición ou substitución de peches e/ou a adquisición de elementos deles integrantes, podendo solicitar a axuda para a seguinte cantidade de valados móbiles de malla electrificada por persoa ou entidade solicitante, tendo en conta o establecido no Anexo VI:

- Explotación con menos de 5 UGM: nova instalación ou mantemento de 2 valados móbiles de malla electrificada.
- Explotación con 5 - 10 UGM: nova instalación ou mantemento de 4 valados móbiles de malla electrificada.
- Explotación con máis de 10 UGM: nova instalación ou mantemento de 6 valados móbiles de malla electrificada.

Asemade, a malla electrificada de nova adquisición ou obxecto de mantemento terá que cumprir os seguintes requisitos:

- Altura mínima 0,90 metros (no caso de que o silvopastoreo se leve a cabo con gando ovino ou porcino de xeito predominante).
- Altura mínima 1,05 metros (no caso de que o silvopastoreo se leve a cabo con gando cabrún de xeito predominante).
- Lonxitude mínima 50 metros.

b) Valados fixos electrificados

Tamén será subvencionable a adquisición de valados fixos de cable ou malla electrificada e/ou o mantemento dos xa existentes.

Os valados fixos electrificados terán que cumprir o seguinte requisito:

- Altura mínima 1,50 metros para gando ovino e cabrún, e 1,20 metros para gando porcino, con reforzo de fio preto do chan.

c) Valados virtuais (colares)

Do mesmo xeito, no suposto de explotacións que, no seu proceso de dixitalización, utilicen valados virtuais para a modernización da gandería, será subvencionable a adquisición dos colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal.

3. Elementos de manexo

Será subvencionable a adquisición e/ou substitución de elementos de manexo do gando na práctica de silvopastoreo (cepos, curros, mangas de manexo, comedeiros e bebedeiros móbiles, tolvas, refuxios, pasos canadenses, etc.).

En particular, poderán ser obxecto de subvención os refuxios modulares móbiles.

4. Gastos correntes complementarios

Finalmente, serán subvencionables os gastos derivados de rozas puntuais, necesarias para a realización de algún/s dos investimentos aos que se refiren os bloques 1 a 3, sempre que o importe destas rozas non supere o 10% da subvención concedida.

É dicir, estes gastos correntes complementarios só poderán ser obxecto da solicitude de subvención cando esta inclúa, asemade, gastos de algún dos incluídos nos bloques 1 a 3 (agás os de adquisición de colares necesarios para a utilización de valados virtuais).

Asemade, tamén serán subvencionables os gastos derivados da subscrición á aplicacións de monitorización intelixente, cando a solicitude de subvención inclúa, ademais, a adquisición dos colares necesarios para a monitorización da actividade animal e sempre que os ditos gastos de subscrición non superen o 10% da subvención concedida para a adquisición dos colares.

En ambos casos, no suposto de que, no momento de cumprir, por parte da beneficiaria, a súa obriga de xustificar os gastos realizados, se constate que os investimentos executados son de importe inferior ao que se tivo en conta para a concesión da subvención, os importes da subvención eventualmente outorgados para a realización de rozas puntuais e/ou para a subscrición á aplicacións de monitorización intelixente terán que verse reducidos ata que o seu valor non supere o 10% dos gastos de investimento subvencionables realmente xustificadas, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.

As solicitudes de subvención deberán incluír un orzamento no que se especifiquen os investimentos a realizar, por bloques, tal e como se indica no anexo III.

Os gastos incluídos no dito orzamento consideraranse estimativos, polo que, no suposto de beneficiarias de subvención para distintos tipos de gastos, de máis dun bloque ou do mesmo, poderán compensarse entre eles as eventuais desviacións acaecidas, sempre que se trate dos bloques 1 a 3.

Con todo, cando o orzamento inclúa gastos de máis dun bloque, a non realización dos gastos de algún/s del/es derivará na perda ao dereito á subvención polo importe concedido correspondente ao/s dito/s bloque/s.

Do mesmo xeito, cando o orzamento inclúa gastos de adquisición de pasos canadenses e/ou dos colares necesarios para a monitorización da actividade animal, a non realización destes levará aparellada a perda ao dereito á subvención polo importe concedido nestes conceptos.

Documentación xustificativa

A contas xustificativas de cada unha das subvencións concedidas presentaranse a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoas ao centro xestor “Medio Rural”, sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

Para a xustificación das subvencións outorgadas, en aplicación do disposto no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024), establécese unha conta xustificativa simplificada, que deberá integrar a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada polo persoa responsable (Anexo VII).

b) Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación (Anexo VIII).

c) Declaración conxunta (Anexo IX):

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria deu a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Rural, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

d) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

- Do resto de xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

- Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
- Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
- Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

e) Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 18 da Lei 11/2021, do 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou a seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Aplicarase a normativa vixente en cada momento.

f) Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato menor (15.000 € -sen IVE-, en servizos e subministracións; e 40.000 € -sen IVE-, en obras), as ofertas solicitadas en aplicación do establecido no artigo 31.3 da LXS que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á concesión da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa.

g) Compromiso da beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un período mínimo de dous anos (Anexo X).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

h) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

i) Documento, emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán ter unha conta bancaria mancomunada, na que consten, como mínimo, tres partícipes da agrupación.

O centro xestor deberá achegar á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria copia do Anexo IV da solicitude de concesión de subvención e, no suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán achegarse, polo centro

xestor, para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación dos custes realizarase, na xustificación, nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Presentadas as contas xustificativas, o centro xestor comprobará a corrección da documentación achegada, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinaron a súa concesión ou goce, así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Asemade, realizaranse as correspondentes comprobacións *in situ*. Estas serán levadas a cabo por técnico competente, que emitirá certificación acreditativa de que as actuacións realizadas e xustificadas se corresponden coas que figuraban na solicitude da subvención e na resolución de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das xustificacións presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de perda do dereito ao cobro da/s subvención/s.

Reducións

No caso de que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento realizados no período subvencionable ao que se refire a Base 12, procederase á redución da súa contía ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase o seu importe en función do alcance da propia conta xustificativa.

Dado que as actuacións deberán ser financiadas pola beneficiaria, cando menos, na porcentaxe establecida na Base 5 (5%), se do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios alcancen aquela.

Nestes casos, as reducións practicaranse de oficio e de xeito automático sen necesidade de iniciar ningún procedemento tras o informe da área de xestión competente, garantindo o coñecemento do interesado.

Base 16.- Pago da subvención

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación por aqueles das contas xustificativas que acrediten a realización das actuacións para as que se concederon, nos termos establecidos na Base anterior; e tamén previa emisión, polos Servizos desta Deputación Provincial, dos correspondentes informes e da resolución de aprobación de aquelas pola Presidencia, que serán motivados a efectos de deixar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres a beneficiaria non acredite estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Exclúese a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta.

Base 17.- Renuncia

A renuncia á subvención poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da LPACAP.

Base 18.- Plan de auditoría anual

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, poderase levar a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra como a forma de selección como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

- 1) Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
- 2) Verificar a existencia e custodia polas beneficiarias das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
- 3) Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recadar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 19.- Incumprimentos e obrigas de reintegro

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro, se é anterior a esta, nos seguintes supostos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no Capítulo II do Título II da LSG, no artigo 37 da OXS, e na demais normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita Xurisdición.

As beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da LXS.

Base 20.- Réxime de recursos

O Acordo de aprobación das presentes Bases e anexos pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Támén poderá ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da citada publicación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Con todo, se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que as interesadas estimen procedente.

Base 21.- Protección de datos

Aos efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, infórmase que os datos persoais obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación de Lugo
- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados coa finalidade de xestionar e tramitar os expedientes para apoiar a xestión e mantemento das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e das faixas laterais das vías de titularidade municipal.

A base de lexitimación deste tratamento é o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao seu responsable, e dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que non facilitalos supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e do cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 22.- Vixencia e modificación das Bases

As presentes Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que estean vixentes.

A vixencias das Bases comezará no momento da publicación do extracto desta convocatoria no BOP de Lugo, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2025, e manténdose vixentes durante o prazo máximo fixado para o aboamento das subvencións, que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro de 2026.

Base 23.- Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nesta Bases, estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024, con modificación publicada no BOP nº 38, do 15 de febreiro do 2024- (OXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Disposición Adicional.- Declaracións responsables

As declaracións responsables previstas nestas Bases producirán os efectos previstos no artigo 69 da LPACAP.

Lugo, 27 de agosto de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 25/06/2025, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO).

Listaxe DEFINITIVO de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para a provisión de un posto de traballo de LIMPIADOR/A A XORNADA PARCIAL dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso-oposición.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o estado de tramitación do procedemento iniciado por este Concello de Baleira para a selección de un/ha LIMPIADOR/A A XORNADA PARCIAL dentro do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira do 07 de decembro do 2022, publicada no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 294 do día 26 de decembro de 2.022 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de decembro do 2022.

RESOLVO:

Aproba-la seguinte relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as en relación ó procedemento selectivo de limpador/a a xornada parcial. Concurso.

Relación de admitidos/as:

APELIDOS E NOME	DNI
ANA MARIA PIN RODRIGUEZ	33****96P
CONCEPCION MOSTEIRIN MENDEZ	33****92Y
SANDRA FERNANDEZ LAGE	33****56J
TAHAR BOUCHAGOURA	X7****21Y

Relación de excluídos/as: Ningún.

O Tribunal Cualificador constitúese o día 08 de setembro do 2025 ás 10:00 horas na Casa do Concello de Baleira.

A proba de galego para os/as que non teñan CELGA-2 o equivalente homologado, realizarase ese mesmo día as 11:00 horas.

A composición do Tribunal cualificador está formada por funcionarios de carreira e persoal laboral fixo, cos seguintes integrantes:

Presidenta: D.^a Sandra Neira Gómez. Técnico de Xestión do Concello de Baleira.

Secretaria: D.^a M^a Esperanza Garmendia Núñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira.

Vogais:

Titulares:

D.^a Fina Brañas Riveiro. Limpadora do Concello de Baleira.

D.^a Clementina Saa Méndez. Traballadora Social do Concello de Baleira.

D. Jose Luis López Arias, Encargado de obras do Concello de Castroverde.

D. Darío Boudón Ferreiro, Operario de servizos múltiples do Concello de Castroverde.

Suplente:

D.^a Amparo López Fernández. Auxiliar de axuda no fogar do Concello de Baleira.

Baleira, 28 de agosto de 2025.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2457

CASTRO DE REI

*Anuncio***Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio de 2025**

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio económico de 2025. O orzamento estivo exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días hábiles. Durante dito prazo non se presentaron alegacións, polo que se fai pública a elevación a definitiva da aprobación, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, publicándose de seguido o resumo por capítulos do mesmo.

ESTADO DE GASTOS

	Clasificación económica - Resumen general	
	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
Cap.	Descripción	Consignación
1	GASTOS DE PERSONAL	1.008.806,63
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	3.625.930,34
3	GASTOS FINANCIEROS	3.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	160.094,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
	Total operaciones Corrientes	4.798.330,97

	Clasificación económica - Resumen general	
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	INVERSIONES REALES	689.919,78
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operaciones de Capital	689.919,78

	Total Presupuesto	5.488.250,75
--	--------------------------	---------------------

ESTADO DE INGRESOS

	Clasificación económica - Resumen general	
	A.- OPERACIONES CORRIENTES	
Cap.	Descripción	Consignación
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.130.000,00
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	150.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	761.929,39

4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.834.238,81
5	INGRESOS PATRIMONIALES	102.792,00
	Total operaciones Corrientes	4.978.960,20

	Clasificación económica - Resumen general	
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
Cap.	Descripción	Consignación
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	509.290,55
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
	Total operaciones de Capital	509.290,55

	Total Presupuesto	5.488.250,75
--	--------------------------	---------------------

Publícase tamén o cadro de persoal desta Corporación, de acordo co preceptuado no art. 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril:

CADRO DE PERSOAL. EJERCICIO 2025

CADRO DE PERSOAL EJERCICIO 2025			
A) PERSOAL FUNCIONARIO			
ESCALA/SUBESCALA	NÚMERO DE PRAZAS	GRUPO	VACANTES
1.- HABILITACIÓN NACIONAL			
Secretario/a (Secretaría entrada)	1	A1	
Interventor/a (Intervención-Tesourería entrada) (agrupación co concello de Outeiro de Rei en fase de disolución)	1	A1	
2.- ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL			
2.1. SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
Administrativo/a	1	C1	
2.2. SUBESCALA AUXILIAR			
Auxiliar administrativo/a	3	C2	2 (1 FUNC. INTERINA)
Auxiliar biblioteca, arquivo e documentación	1	C2	1 (FUNC. INTERINA)
2.2. SUBESCALA SUBALTERNA			
Conserxe CEIP Veleiro Docampo	1	A.P. (E)	1(FUNC. INTERINO)
3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1. SUBESCALA TÉCNICA			
Arquitecta	1	A1	

B) PERSOAL LABORAL		
DENOMINACIÓN	NÚMERO DE PRAZAS	VACANTES
Peóns serv. múltiples	3	
Conductor tractor	1	
Limpiador centro saúde Castro Ribeiras de Lea	1	1
Conserxe limpiador CEIP Ramón Falcón	1	
Auxiliar Biblioteca Trapero Pardo (xornada parcial)	1	
C) PERSOAL EVENTUAL		
NÚMERO DE PRAZAS		VACANTES
1		1

O que se publica para xeral coñecemento, sinalando que contra o acordo de aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Castro de Rei, 27 de agosto de 2025.- O Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2439

A PONTENOVA

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024, xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Contas. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0>

A Pontenova, 28 de agosto de 2025.- O Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2458

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 41/2025-

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 15/07/2025, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 41/2025 do orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito distinta área de gasto,pola cantidade de 246.610,58 euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	6.122.806,18		6.122.806,18
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.611.724,00	-246.610,58 +229.425,93	5.594.539,35
3	Gastos Financeiros	69.547,05	0	69.547,05
4	Transferencias Correntes	530.886,40	+2.956,80	533.843,20
5	Fondo de continxencia	196.000,85		196.000,85
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	4.694.388,21	+14.227,85	4.708.616,06
7	Transferencias de Capital	719.696,87	0	719.696,87
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	194.082,06	0	194.082,06
Total		18.167.136,68		18.167.136,68
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A. Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.854.000,00	0	2.854.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.113.759,06	0	3.113.759,06
4	Transferencias Correntes	5.183.175,61	0	5.183.175,61
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	2.846.849,48	0	2.846.849,48
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	1.506.243,51	0	1.506.543,51
9	Pasivos Financeiros	1.250.000,00	0	1.250.000,00
Total		18.167.136,68	0	18.167.136,68

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 27 de agosto de 2025.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 2440

SOBER

Anuncio

O 28.11.2024 o Pleno do Concello de Sober aprobou inicialmente o REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE SOBER

De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, someteuse a información pública polo prazo de trinta días laborais a contar dende o 10.12.2024 , sen que se presentaran alegacións.

O acordo inicialmente aprobado quedou elevado a definitivo.

En cumprimento do disposto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e para xeral coñecemento, faise público o seu texto íntegro:

“Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento da Escola Infantil do Concello de Sober.

Artigo 2º

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas a escola infantil de atención a primeira infancia que se configura como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

A Escola infantil do Concello de Sober ten capacidade para 41 prazas, distribuídas en 3 unidades:

Nº Unidades	Capacidade
1 UNIDADE 0-1 Anos	8 usuarios/as
1 UNIDADE 1-2 Anos	13 usuarios/as
1 UNIDADE 2-3 Anos	20 usuarios/as

Artigo 3º

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas.

A escola infantil cooperará estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Artigo 4º

Poderán solicitar praza na escola infantil os nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses.

No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

Artigo 5º

O procedemento de reserva de praza e ingreso será o seguinte:

1. Reserva de Praza de novo ingreso

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza / matrícula, as Normas de Funcionamento da escola infantil. A escola

facilitaralle, polos medios acordados, as presentes Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación. Atenderase as solicitudes por orde de presentación ou baremo. No caso en que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda.

Así mesmo, facilitarase as familias das persoas usuarias, un xustificante no que conste o número de inscrición da solicitude.

No caso de acollerse as axudas para o fomento da gratuidade, a familia formalizará o pago da correspondente cota a modo de reserva de praza (se procede), farase efectivo dentro do prazo establecido no anexo I. Unha vez incorporado o neno ou nena no mes de setembro, o importe correspondente á reserva de praza aboado compensarase con outros servizos distintos da atención educativa que preste o centro.

Se o neno/a non se incorporara a escola, perdería a praza e non se devolverá a cota aboada para a súa reserva/matriculación, agás causa xustificada de atraso na súa incorporación.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

Teñen prioridade na matrícula os irmáns e irmás dos nenos e nenas que están na Escola.

O sistema para dar de baixa definitiva na escola a un alumno /a realizarase por escrito, no prazo previsto no Anexo 1

a) Renovacións

✓ Para os nenos e nenas que renoven praza na escola, a renovación realizarase no prazo establecido no anexo 1.

b) Novos ingresos

✓ O prazo de solicitude para a reserva de praza é o establecido no anexo 1.

2. Casos especiais

Respecto da matrícula de nenos non nados, a escola debe garantir, en todo caso, o dereito á educación e o acceso en condicións de igualdade e non discriminación.

Os/as nenos/as nados que non contan con 3 meses de idade, non poden ser usuarios da escola, por carecer a escola de autorización administrativa para atender a nenos de esas idades.

3. Documentación matrícula

A documentación necesaria para a matrícula será:

- Ficha de datos cuberta polas familias na que conste o horario real de asistencia que os pais/nais, titores/as e representantes legais solicitan.
- Fotos tipo carné do neno/a.
- DNI / NIE das persoas solicitantes.
- Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, e todas as que se consideren oportunas asinadas polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a.
- De selo caso, informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole.
- Cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite.
- Documento acreditativo do nacemento da nena ou neno
- Sentenza de demanda de divorcio ou documento que acredite quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios para a recollida etc.
- Todos aqueles outros datos/documentación que sexan oportunos incluír.

4. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

As familias poden escoller, libremente, o mes excluído do período subvencionable e o período de desfrute das vacacións

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia real solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Segundo a orde de gratuidade das escolas privadas, exceptúase da actuación subvencionable o custo do **servizo de comedor** e as **actividades extra** á atención educativa e que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional.

Segundo a orde de gratuidade do comedor das escolas de iniciativa social, poderán establecer un prezo polas **actividades complementarias**, relacionadas a continuación e coas seguintes condicións; deberán ter carácter voluntario e garantir a atención educativa na aula dos nenos e nenas que non as realicen desenvolvendo outra actividade incluída na programación didáctica. Solo se considerarán actividades complementarias as seguintes: 1º. Natación. 2º. Lengua estranxeira, entendida como a impartida por personal con formación específica e titulación oficial nunha aula diferente.

Capítulo III. Obxectivos da escola

Artigo 6º

Son obxectivos específicos da escola:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo
- Fomentar uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.

Capítulo IV. Horario de apertura da escola

Artigo 7º

A Escola Infantil abrirá un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada.

Non obstante, respectando estes mínimos, a escola poderá determinar os seu calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

O horario de apertura e peche deberán figurar no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS e son os establecidos no Anexo 1.

Capítulo V. Horarios de permanencia dos nenos/as

Artigo 8º.

1. O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas nas que se poderá ampliar o dito horario.

2. Horario amplo: Enténdese por horario amplo a atención os/as nenos/as por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente. O seu custo será aboado polas familias

Artigo 9º

Entradas e Saídas

a) O horario de entrada-saída dos nenos/as nos centros débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificados e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.

b) As familias e/ou representantes legais recollerán aos nenos e nenas ao remate da xornada. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entregar ao neno ou nena a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

c) No caso de que a escola realice algunha saída educativa do centro, serán avisados por escrito e con antelación a todos os pais e nais, tutores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento. No caso de que non consintan a saída, o neno/a quedará na escola co resto do persoal se as saídas son por grupos, no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecerá pechada.

Artigo 10º

A programación diaria de actividades terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagóxicas e sociais dos nenos/as.

A programación destas actividades, concretaranse nos Proxectos educativos de Centro e na súa correspondente Proposta Pedagóxica de acordo a normativa vixente sobre a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Capítulo VI. Referente ás Familias

Artigo 11º

Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, tutores/as e representantes legais Dereitos

- Ser informados/as, regularmente, da situación do neno/a na escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos...
- Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións co/a educador/a e director/a.
- Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.
- Coñecer o funcionamento da escola e o modo en que se formula o Proxecto Educativo do centro coa súa correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.
- Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento do centro e das medidas adoptadas.
- Dispoñer das Normas de Funcionamento do centro visadas con carácter previo á realizar a reserva de praza/matricula.
- Interpoñer queixas e reclamacións.
- Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou calquera circunstancia relevante.

Deberes/ obrigas

- Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambio na situación familiar...etc.
- Ser puntuais na hora da traída e recollida do neno/a
- Cumprir os horarios de asistencia solicitados
- Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas pola mesma.

- Ser puntuais nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario
- Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixo da relación familia-escola.
- Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as nenos/as no proceso educativo.
- Avisar á escola do cambio de persoas autorizadas de recoller ao neno/a na escola
- Respetar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as presentes Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.
- Non levar ás nenas e nenos á escola cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia que así o aconselle...)

Artigo 12º

Participación e relación cos pais e nais, tutores/as e representantes legais

Para garantir a axeitada participación das familias serán de aplicación xeral as seguintes normas sobre a participación activa:

1. Fomento da relación estreita entre familia e a escola xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.
2. A coordinación e o coñecemento da vida na escola verase facilitado por:
 - Entrevista inicial cos pais e nais, tutores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador/a correspondente da cal deixárase constancia no expediente individual.
 - Contactos diarios co/a educador/a..
 - Participación en actividades : celebracións de festas, saídas da escola... · Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións...

A relación cos pais/nais, tutores/as ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

- O intercambio de Información.
- Participación na vida da escola.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola poñerá en coñecemento dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá como mínimo carácter semestral e que se realizará a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais dos nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, logo de ser oído ao equipo técnico educativo, sempre e cando non dificulte a boa marcha do centro.

A escola infantil debe planificar o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena racha co lazo afectivo coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Polo tanto debe ser planificado coas familias xa que van entrar nun lugar descoñecido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais. A escola conta cun Protocolo de adaptación que será facilitado ás familias

Artigo 13º

Instrumentos de información para as familias

A través da comunicación no, día a día, nos momentos de entrada ou recollida das nenas ou nenos.

Todas as familias serán informadas do período de adaptación do seu fillo ou filla. Recomendase que, con carácter xeral, se celebren as seguintes reunións: · Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.

- Reunións de grupo para realizar unha en cada semestre.

En todo caso, a dirección do centro informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención e información aos pais/nais, tutores/as ou representantes legais dos nenos e nenas.

Artigo 14º

Asociación de Pais e Nais.- ANPAs

A asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentárase por parte da dirección.

Sen prexuízo do que establezan os seus propios estatutos, a asociación promoverá os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos aos nenos/as.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorecer o desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar

Artigo 15º servizos básicos

1. Atención Educativa

A escola infantil conta cun Proxecto educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

A Escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

A escola oferta o servizo de atención educativa durante o mínimo de 8 horas.

1. Servizo de comedor

O Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establece no seu artigo 26 apartado a). 1. define o Servizo de comedor: incluírá en todo caso o xantar e, opcionalmente, almorzo e merenda e/ou cea, podendo ser ofertado nalgunha das seguintes modalidades: Como servizo de comedor propiamente dito, prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de catering), incluídos os alimentos.

En todo caso deberá existir a disposición das familias unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e axeitada ás idades dos/das nenos/as.

A escola conta con servizo de comedor, ben propio ou con empresa de catering. As familias serán informadas da modalidade coa que conta o centro.

Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que no vaian a utilizar o servizo deberán avisar, con antelación suficiente.

Os horarios do servizo de comedor establécense no Anexo I.

O servizo de comedor estará dispoñible para todos os nenos e nenas da escola que o contrataran. No caso de necesitar este servizo días soltos, solicitarase antes do día que se necesita.

A familia deberá presentar informes médicos no caso en que o neno/a padeza algunha alerxia ou enfermidade pola inxesta de algún tipo de alimento.

3. Servizo de cociña

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia define no seu artigo 26 b) entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as propias persoas usuarias”.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

4. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente.

Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe mensual establecido.

5. Servizo de transporte escolar

Deberán cumprir todos os requisitos establecidos na normativa específica, en especial os relativos á seguridade e autorización deste servizo.

6. Actividades extra e complementarias

Segundo a orde de gratuidade das escolas privadas, exceptúase da actuación subvencionable o custo do **servizo de comedor** e as **actividades extra** á atención educativa e que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional .

Segundo a orde de gratuidade do comedor das escolas de iniciativa social, poderán establecer un prezo polas **actividades complementarias**, relacionadas a continuación e coas seguintes condicións; deberán ter carácter voluntario e garantir a atención educativa na aula dos nenos e nenas que non as realicen desenvolvendo outra actividade incluída na programación didáctica. Solo se considerarán actividades complementarias as seguintes: 1º. Natación. 2º. Lengua estranxeira, entendida como a impartida por personal con formación específica e titulación oficial nunha aula diferente.

As actividades extras/complementarias que realiza a escola infantil son as recollidas no Anexo I

Artigo 16º

Servizos complementarios de atención e coidado dentro e fóra da xornada ordinaria do centro.

Defínese como aquel servizo de atención e coidado a nenos/as de entre 0-12 anos, prestado de xeito non continuado, que ten como finalidade proporcionar apoio aos pais, titores ou gardadores de feito cando concorran circunstancias que o fagan necesario, especialmente aquelas vinculadas a conciliación da vida familiar e laboral. Segundo o horario no que se preste pode ser servizo diúrno ou servizo nocturno.

Os servizos complementarios están sometidos ao réxime de autorización administrativa segundo o establecido no artigo 5º.1 do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia .

tipos de servizos complementarios:

1. Servizo diúrno: Considérase tal o servizo de atención e coidado non continuado dirixido a nenos/as de entre 0-8 anos e prestado nas escolas infantís 0-3 en horario diúrno, é dicir, o comprendido entre a súa hora de apertura e a de peche, sendo esta última sempre anterior ás 21.00 horas.

2. Servizo nocturno: Defínese como aquel servizo de atención e coidado non continuados dirixido a nenos/as de 0-8 anos e prestado en escolas infantís 0-3 ou PAI en horario nocturno, entendendo como tal o comprendido entre as 22.00 horas e as 8.00 horas como máximo.

3. Servizo complementario de comedor. Defínese como aquel servizo complementario á actividade principal do establecemento de atención á infancia que consiste na alimentación, atención e coidado de nenos/as entre 0 e 12 anos durante o tempo desta prestación. Ten como finalidade apoiar aos pais/nais, titores/as ou representantes legais de feito cando concorran circunstancias que o fagan necesario, especialmente aquelas vinculadas á conciliación da vida familiar e laboral.

O servizo poderá incluír en todo caso o xantar e opcionalmente o almorzo, a merenda e a cea.

O servizo de comedor poderá realizarse mediante prestación directa ou indirecta. O servizo poderase prestar directamente pola entidade ou persoa titular do centro que disporá os medios materiais e persoais necesarios para a súa realización.

Nos comedores de prestación indirecta a entidade ou persoa titular contratará cunha empresa do sector a elaboración ou subministracións da comida elaborada e, se é o caso, a distribución.

Artigo 17º Normas de saúde, hixiene, vestuario e nutrición.

1. Normas de saúde

1. Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde.

2. No casos da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.

3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á dirección deste, e avisaranse os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio

4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.

5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

6. Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán ir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.

7. Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2. Normas de hixiene persoal

Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.

3. Normas de vestiario

1. A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.

2. Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas. Evítanse ademais os lazos, horquillas, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.

3. A escola pode obrigar ao uso de uniforme. No obstante, as familias deberían poder elixir, libremente, adquirir os uniformes básicos en establecementos da súa elección, e no caso de que o centro esixa que o uniforme inclúa logotipos, escudos ou outros emblemas. O centro deberá favorecer a adquisición separada de ditos elementos.

4. Normas de alimentación

1. A escola publica no taboleiro de anuncios e/ou facilita as familias, unha relación semanal, mensual o por tempadas dos menús previstos os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade. Informarase de calquera modificación nos mesmos.

2. A escola prestará un especial coidado en atender os casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.

3. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación semanal. (recomendase que se recolla a lenda “menú para escola infantil supervisado por colexiado/a”)

4. Respetaranse os horarios establecidos para as comidas.

Artigo 18º

As dependencias do centro distribúense de acordo as dependencias autorizadas segundo o Permiso de inicio de Actividade.- PIA ou as correspondentes modificacións substanciais do centro solicitadas a Inspección.

Uso das dependencias e do material

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas

Artigo 19º

Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo

A escola promove, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades Específicas de Apoio Educativo ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe.- DEA, sempre e cando contén cos recursos materiais e humanos necesarios.

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

Artigo 20º

Fomento da igualdade entre nenos e nenas

1. A escola é o principal axente educativo da infancia. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento
2. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.
3. A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.
4. Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidarase dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.
5. Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
6. O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.

Capítulo IX . A lingua

Artigo 21º

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais , fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas . As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexo de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia

Capítulo X. Persoal

Artigo 22º

A escola cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 23º

Recomendase a constitución dun **equipo técnico** configurado como un grupo de traballo, a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo/a director/a ou e pola dirección pedagóxica, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.

Artigo 24º

1. O **persoal de atención directa** a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

2.- O **persoal de apoio** á atención e coidado dos/das nenos/as o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

Artigo 25º

Outro persoal, cando o centro ofrezca servizo de comedor, nas distintas modalidades, deberá dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo segundo a súa categoría profesional e se establezan no correspondente convenio colectivo.

Capítulo XI. Réxime de cobramento.

Artigo 26º

No caso de que a escola estea acollida as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, unha vez realizada a inscrición e constatada a asistencia á escola infantil, o pagamento efectuado en concepto de

reserva de praza (se procede) será compensando con outros servizos distintos da atención educativa que preste o centro.

Se non se produce a incorporación no mes de setembro, data do inicio do curso, dun neno/a, agás causas xustificadas, non será devolta a cota da Reserva de Prazas.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa da gratuidade.

As cotas de servizos de comedor, servizo de cociña, reserva de praza, horario amplo, horas extras, servizos complementarios ou actividades extras, etc. serán detalladas no documento Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias.

Artigo 27º Prezos

Os Prezos dos servizos prestados estarán desagregados por tipo de gasto e deben ser aboados polas familias no prazo e polos medios establecidos no Anexo I.

Artigo 28º Facturas

Os recibos detallarán, entre outros, o número, data emisión, datos da entidade e destinatario e os servizos prestados desagregados por tipo de gasto.

No caso de acollerse as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa durante todo o período subvencionable a escola entregará ás familias os xustificantes mensuais de pagamento na que consten o número de horas ao día de asistencia xunto coa xornada elixida pola familia e o importe que lles correspondería aboar coa lenda *prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia*.

Artigo 29º

Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións

A non asistencia do neno ou nena non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ó 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións do neno ou nena.

As familias poden escoller libremente o mes excluído do período subvencionable e o período de desfrute das vacacións.

Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene

Artigo 30º

1. Medidas de seguridade e hixiene

A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:

- Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia no centro.
- Medidas anti-incendios.
- Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como cantoneiras, protección de arestas e antipillados.
- Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.

2. Persoal

- Os traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios ante unha emerxencia.
- O persoal do centro manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.

- O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.
- Todo o persoal do centro que teña contacto habitual cos/coas nenos e nenas conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais e Trata de Persoas.

Capítulo XIII. Libro de Reclamacións

Artigo 31º

A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación est recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

Capítulo XIV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento

Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS pola entidade xunto co Anexo I coas especificidades do centro.

Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro a disposición das persoas usuarias e seranlle entregadas ás familias co texto íntegro e cos anexos correspondentes.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas

As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente.

Capítulo XV. Normativa de Aplicación

- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería en materia de servizos sociais.

Ademais para as Escolas Infantís Municipais:

- DECRETO 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.
- DECRETO 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Ordenanzas fiscais dos concellos.

ANEXO I

Evento	Horario
Prazo de solicitude de praza	Todo o curso escolar
Prazo de renovación de praza	1 a 15 de Abril
Prazo de solicitude de baixa	1 mes de antelación
Prazo de matrícula	1 a 15 de Xuño
Horario de apertura e peche	07.35 – 15:45
Horario de comedor	12:15 - 13:30
Horario de atención ás familias	10:00 - 11:30
Prezos	Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Escola Infantil do Concello de Sober

Sober, 13 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2441

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 8 DE AGOSTO DE 2025, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR O FOMENTO DE BOAS PRÁCTICAS DE SILVOPASTOREO E PASTOREO EN EXTENSIVO QUE PRODUZAN A REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE BIOMASA EXISTENTE, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “O QUE NON ARDE”, NA ANUALIDADE 2025

BDNS(Identif.):853620

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/853620>)

Primeiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REGA), sempre que leven a cabo actividades silvopastoris con gandería extensiva, contribuíndo deste xeito á defensa do medio rural.

Asemade, as persoas físicas ou xurídicas solicitantes das axudas deben ser titulares de explotacións que inclúan algunha das seguintes tipoloxías de gando: cabalar, cabrún, ovino ou porcino, podendo incluír ademais especies de gando maior en sistemas mixtos de silvopastoreo.

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarias.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade e difusión, incluíndo as súas redes sociais (no suposto de que dispoñan delas), do financiamento das actividades obxecto da subvención por parte da Área de Rural, dependente da Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, empregando para elo a lingua galega e asegurando non incluír contidos que, tácita ou implicitamente, se poidan considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade ou á violencia de xénero.

Asemade, as beneficiarias quedarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención da Deputación de Lugo, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade ou persoa física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Segundo.- Obxecto.

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa ?O que non arde?, na anualidade 2025.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa ?O que non arde?, na anualidade 2025, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actuacións, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2025, é de 385.000 €, coa seguinte distribución:

- Investimentos incluídos como gastos subvencionables na Base 15: 350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.789
- Gastos correntes complementarios previstos na Base 15: 35.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900

O importe das axudas para cada beneficiaria será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7, segundo o previsto na Base 2, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 6.000 €.

Con todo, no suposto de que a solicitude de subvención inclúa a adquisición de pasos canadenses e/ou de los colares intelixentes necesarios para a monitorización da actividade animal, a contía máxima poderá alcanzar os 12.000 €, sempre que o importe da subvención afectado á súa adquisición sexa, como mínimo, de 6.000 €.

As contías das axudas fan referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación a subvencionar, xa que, polo menos, o 5 % das actuacións subvencionadas deberán ser financiadas pola propia persoa ou entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2025, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións ás que se refire a Base 4, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro desta convocatoria e Bases será publicado, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrancia, dirixíndoas ao centro xestor ?Medio Rural?; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faga constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

As solicitudes deberán conter a seguinte documentación:

a) Solicitude (Anexo I).

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

b) No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física, en representación dunha xurídica, certificación acreditativa do Acordo da entidade para a solicitude da subvención e acreditación da representación da entidade (Anexo II).

c) Copia do DNI da persoa solicitante, agás no suposto de que a solicitude sexa presentada por medios telemáticos e conste a sinatura electrónica de aquela.

d) Copia do NIF do solicitante, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

e) Copia do/s documento/s que acredite/n que a explotación do/da solicitante está inscrita no REGA; poderá acreditarse a dita inscrición con algún dos documentos indicados no apartado f) no que figure o número de REGA.

f) Cartografía catastral do SIGPAC ou similar, na que se sinalen os terreos nos que se practica o silvopastoreo, e calquera dos documentos acreditativos sinalados a continuación, nos que se indicarán os animais empregados na execución da actividade:

- Copia do Libro de rexistro da explotación.
- Declaración censual anual con data posterior ao 31 de decembro de 2024.
- Copia da folla de saneamento gandeiro (carta verde) con data posterior ao 31 de decembro de 2024.
- Certificación da Oficina Agraria Virtual relativa ao censo existente, selada pola OAC con data posterior ao 31 de decembro de 2024.

g) Orzamento de gastos da actividade a subvencionar (Anexo III).

h) Declaración responsable (Anexo IV), na que se indique:

Que a solicitante non se atopa en ningunha das circunstancias que, consonte ao artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dan lugar á prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.

- A desagregación do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención.

- Se o/a solicitante pediu e/ou lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para a mesma actividade.
- Que o/a solicitante non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e o réxime de asunción do IVE.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, este documento deberá estar asinado por todos os participantes da agrupación.

i) Documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de prioridade indicados na Base 8.

j) No suposto de que a beneficiaria concerte con terceiros a execución dos gastos correntes complementarios aos que se refire a Base 15 (gastos derivados de rozas puntuais) e de que estes terceiros estean vinculados co beneficiario, solicitude de autorización previa para a subcontratación (anexo V).

Considérase que existe vinculación coa aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 68.2 do Real Decreto 886/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

k) No suposto de que o importe da subvención sexa superior a 3.000 €, certificados acreditativos de que a beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Tesourería Xeral da Seguridade Social, se non consta autorización á Deputación para solicitalos.

No suposto de agrupacións de persoas, físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, se non consta a dita autorización á Deputación para solicitalos, estes certificados deberán presentarse para acreditar o cumprimento deste requisito por parte de todos os participantes da agrupación. É dicir, no expediente deberán constar os ditos certificados emitidos para cada un deles.

Lugo, 26 de agosto de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-06-2025, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2442